

ACTA

En Arzúa, a 26 de xullo de 2016

Sendo as 10.30 horas, reunense no Salón de Comisións da Casa do Concello, os seguintes membros integrantes da Comisión Seleccionadora que valorará os méritos que foron alegados e xustificadas polos aspirantes que resultaron admitidos no proceso de selección -mediante concurso- para a **provisión temporal de seis peóns de servizos varios**, para a realización do programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais financiado pola Deputación Provincial de A Coruña, e iso, por un período de 5 meses, a xornada parcial de 25 horas semanais, sendo acordada esta contratación e aprobándose ditas bases por decreto do alcalde de 28 de xuño de 2016.

Asisten a esta reunión os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

Presidente: D. Luis Fole Barrio (arquitecto técnico municipal)

Vogais:

- D. Ramón Vereá Castelo (encargado de mantemento dos servizos municipais)

- D. Jesús Rúa Taboada (conductor e operario de servizos varios do concello de Arzúa)

Secretaria: Irene Couselo del Río (auxiliar de secretaria do concello de Arzúa)

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora –de conformidade co disposto no artigo 26 n.º 1, da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común--, o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión Seleccionadora, dispoñendo que se proceda a efectuar a valoración de méritos acreditados polos aspirantes interesados en desempeñar os referidos postos de traballo, tendo en conta para iso os documentos acreditativos aportados xunto coa respectiva instancia, para ser valorados de conformidade co Baremo de méritos aprobado que figura recollido como Anexo I das Bases que rixen o proceso de selección.

Deseguido o presidente dispuxo que se procedese a realizar as comprobacións necesarias dos documentos aportados por cada aspirante.

Outorgándose -por unanimidade dos catro membros da Comisión seleccionadora- as seguintes puntuacións.

Nome e apelidos		Baremo de méritos				TOTAL
		Programas formación e integración no mundo laboral organizados polas Admons Públicas	Experiencia profesional	Cursos formativos	Permiso conducir clase B	
1	José Ramón Carril Carril	10	3	0,25	1	14,25
2	José Ramón Rodríguez Rey	0	1,25	0,50	1	2,75
3	Manuel Mosquera Segade	0	0	0	1	1

4	José Luis Varela Pereira	0	0	0	1	1
5	José Angel Rey Rivadulla	0	0	1	1	2
6	Ana Belen Freire Quintás	0	0,75	0	1	1,75
7	Javier Montero Vázquez	0	0	3	1	4
8	Jesus Angel Varela Fandiño	0	0	0	1	1
9	José Luis Vázquez Astray	0	1,75	0	1	2,75
10	Luz Conde Rodríguez	0	0	0	0	0
11	Javier López Nieto	0	0	0	1	1
12	Miguel Angel Meijide Cesar	0	3	3	1	7
13	José Manuel Iglesias Pampin	0	0	0	0	0
14	Asunción Crego Alario	0	3	2	1	6
15	Ricardo Pose Sanjurjo	0	0	0	1	1
16	Antonio Enjamio Blanco	0	0	0,85	1	1,85
17	José López Nieto	0	0	0	0	0
18	Sergio Pardo Jorge	0	0	1	1	2
19	José Veiga Villar	0	0	0	1	1
20	Salome Estrella Gómez Rama	0	3	0	1	4
21	José Manuel da Silva Mato	0	0	0,10	0	0,10

Tras todo o exposto, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros asistentes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron outorgadas para aos aspirantes, en base á documentación que aportaron coas súas respectivas solicitudes.

Segundo.- Convocar aos aspirantes, para que comparezan a **partir das 9.00 h a realizar a entrevista o día 28 de xullo (xoves), no Salón de Comisións da Casa do Concello;** mentres que a **proba sobre coñecemento do idioma de galego** as persoas que non acreditaron estar en posesión Celga 2, **realizarase ese mesmo día, a partir das 11.30 horas.**

Terceiro.- Publicar unha copia da presente acta no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, para dar a coñecer aos aspirantes admitidos neste proceso de selección cal foi o resultado a primeira fase do concurso convocado.

Co cal douse por rematado o acto, as 12.30 horas do indicado día; estendendose a presente acta, para ser subscriba por todos os membros da Comisión Seleccioandora, e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.